

**C**hegados a estas datas, coa edición dun novo número de *FerrolAnálisis*, resulta difícil dicir algo novo e orixinal sobre esta revista que non mencionaran anteriormente os meus predecesores neste mesmo cometido. *FerrolAnálisis* é unha revista consolidada de calidade e interese internacional pero non porque os sucesivos responsables da mesma nos empeñemos en subliñalo unha e outra vez, senón pola súa extensa e prestixiosa nómina de colaboradores e a profundidade intelectual dos seus artigos. Convídate lector, a que o comprobemos por ti mesmo. Podes facer unha lectura lineal coa suxestión do índice que nosoutros propoñemos ou abrir a revista ao chou. De calquera das dúas formas, a lectura dos artigos que atopas avalará e empobrecerá o que eu poida dicir desta revista. Claro que tamén, avezado lector, podes facer o teu propio plan de lectura a modo dun Cortázar transgresor. De ningunha das maneiras quedarás defraudado.

E chegados a este punto da edición dun novo número de *FerrolAnálisis*, resulta inevitable non subtraerse ao debate sobre o proceso de dixitalización das publicacións ou a pervivencia da edición en papel. Ten sentido seguir editando unha revista como esta en papel?

Difícil resposta. Hai no mundo editorial bastante dúbidas ao respecto, pero no mundo xornalístico, e esta revista é un produto xornalístico, á incerteza engádense outros factores que fan que calquera cousa que se diga por agora é, cando menos, aventurado.

Vexamos algúns datos. Temos que congratularnos de que os hábitos de lectura vaian en aumento. Segundo a Federación de Gremios de Editores de España, no ano 2012 aumentou lixeiramente a porcentaxe de lectores de libros ata situarnos nun 63% da poboación, deles só o 12% len en formato *eBook*, aínda que non nos

cabe dúbida de que esta porcentaxe aumentará vertixinosamente.

Os lectores de revistas en papel son o 48% pero os lectores de webs, blogs e foros están moi preto, o 46%. É sabido que nas páxinas webs estase a crear unha linguaxe nova, máis sintética, con profusión de hiperenlaces que faciliten a interacción entre textos, imaxes... buscando outros efectos que a simple lectura que en moitas ocasións non chega ao final do artigo. Diversos estudos indican que un lector web emprega vintecinco segundos para ler unha páxina nun ordenador, mentres que dunha páxina web, un visitante só consume o 28% da información escrita.

Estes datos dannos pistas sobre o que debemos facer no futuro de *FerrolAnálisis*? É *FerrolAnálisis* unha revista que se poida ler contando os segundos? Penso que non.

Este mes saen á rúa dúas iniciativas xornalísticas moi diferentes pero cun mesmo tronco informativo. Por un lado, un xornal nacional aposta por unha dixitalización con información *ad hoc* para os novos dispositivos tecnolóxicos; polo outro, en breve veremos unha revista cultural e xornalística galega que aposta polo papel, sen obviar adaptacións a formatos móbiles. Desde aquí saudamos ambas as dúas iniciativas e desexámoslles unha longa vida, que quizá amosen o camiño a seguir. Sexa como for, de momento apostamos por *FerrolAnálisis* tal e como, lector, tes agora nas túas mans. E apostamos porque temos o decidido apoio que o noso mecenas, a Deputación da Coruña, depositou no Club de Prensa de Ferrol para que este novo número saíse á luz. Desde aquí desexamos tamén unha longa vida a este patrocinio, fundamental para seguir existindo.

María Ares Sanmartín  
Club de Prensa de Ferrol  
Presidenta